



OURENSE, A TRECE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

XUÍZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 8-2026 / TEMPADA 2025-26

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

COMPETICIÓN: LIGA GALLEGA ABSOLUTA MASCULINA DH 25-26

EQUIPOS PARTICIPANTES: CM MARINA FERROL - CW CORUÑA RÍAS ALTAS

DÍA/HORA: 9-3-26; 17:45

FEITOS

PRIMEIRO.- O día 9-3-26 foi remitido a este Xuíz Único a acta e o anexo do encontro disputado que se referencia. No anexo da acta, textualmente, recóllese o seguinte feito:

"En el minuto 0:05 del cuarto período se amonesta con tarjeta amarilla al entrenador local D. Víctor Lázaro Guerrero por lo siguiente: "Por protestar de manera airada una decisión arbitral". Seguidamente se le muestra la tarjeta roja al entrenador local D. Víctor Lázaro Guerrero por no cejar en su actitud continuando con las protestas al árbitro."

SEGUNDO.- De conformidade co artigo 22.2 do Libro III do Réxime Disciplinario da Federación Galega de Natación, deuse trámite de audiencia ao interesado polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á recepción da correspondente comunicación.

TERCEIRO.- Non constan antecedentes sancionadores do adestrador expedientado na presente categoría, polo que os feitos obxecto do presente expediente constitúen o primeiro feito sancionable para os efectos do cómputo do ciclo correspondente. A reiteración disciplinaria computarase por categorías.

CUARTO.- O interesado non formulou alegacións dentro do prazo conferido.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- De conformidade coa Normativa Xeral de Waterpolo da tempada 2025/26, para resolver as incidencias que poidan producirse nas competicións territoriais actuará o Comité de Competición da FEGAN, a través do Xuíz Único, utilizando para as resolucións as actas dos partidos e, no seu caso, os informes arbitrais. Así mesmo, as sancións do Comité son de efectos inmediatos, e a suspensión deberá cumprirse na categoría na que se produciu a infracción.

SEGUNDO.- A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade que non foi desvirtuada, sen que ademais se formularon alegacións no trámite conferido.

TERCEIRO.- Do anexo arbitral despréndese a existencia de dous feitos sucesivos e diferenciados imputables ao adestrador local D. Víctor Lázaro Guerrero. O primeiro deles consiste en protestar de maneira airada unha decisión arbitral, conduta que motivou a exhibición de tarxeta amarela. O segundo feito, autónomo respecto do anterior, consiste en non cesar na súa actitude e continuar coas protestas ao árbitro despois de ter sido previamente amoestado, o que determinou a posterior exhibición da tarxeta vermella.

CUARTO.- A Normativa Xeral de Waterpolo establece expresamente, no apartado de sancións a adestradores, que a primeira tarxeta amarela supón amoestación, e que a segunda tarxeta amarela leva aparellada

a sanción correspondente segundo o ciclo, sendo no primeiro ciclo dun partido de sanción.

QUINTO.- A secuencia fáctica descrita no anexo arbitral integra, para os efectos disciplinarios, dous motivos sancionadores diferenciados dentro dunha mesma incidencia: nun primeiro momento, a protesta airada que determina a amoestación; e, nun segundo momento, a persistencia do adestrador na súa actitude, continuando coas protestas ao árbitro malia a previa amoestación. Tal persistencia constitúe unha nova conduta sancionable, posterior e distinta da inicial, e xustifica a aplicación do seguinte chanzo do réxime sancionador específico previsto para adestradores.

SEXTO.- Procede impoñer a sanción correspondente ao primeiro ciclo, consistente en UN PARTIDO DE SUSPENSIÓN.

RESOLVE

ÚNICO.- Impor a D. Víctor Lázaro Guerrero, con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos na presente resolución, a sanción de UN PARTIDO DE SUSPENSIÓN.

A presente sanción terá efectos inmediatos e deberá cumprirse na categoría en que se produciu a infracción.

En lugar e data ut supra,

Xuíz Único do Comité de Competición da FEGAN

JOSÉ ANTONIO NÓVOA

Colexiado nº 2.623, en exercicio, do Ilustre Colexio da Avogacía de Orense